



	<b>INTERVENCIÓN</b>	<b>DATA: 30-11-2016</b>
<b>X</b>	<b>Tomada razón</b>	<b>PARTIDA:</b>
		<b>Nº D.C.</b>

O INTERVENTOR DELEGADO



J.GONZALO GÓMEZ PREGO

**RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA**

Logo de ver a aprobación por parte da Xunta do Padroado do Concello de Narón en sesión celebrada o día 07/07/2016 de realizar convocatoria por procedemento aberto, atendendo á oferta máis ventaxosa, para o contrato de explotación do servizo de máquinas expendedoras de alimentos e bebidas no Pazo da Cultura do Concello de Narón.

Vista a publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº139, do 22 de xullo de 2016 dun anuncio de licitación co que se iniciaba o período de presentación de ofertas, e se someten a trámite de información pública as citadas bases, no perfil do contratante da páxina web municipal.

Logo de ver que durante o prazo de información pública non se presentou ningunha alegación contra as bases xurídicas, administrativas e técnicas que rexen esta licitación.

E visto que durante a licitación se presentaron as seguintes ofertas:

<b>EMPRESA</b>	<b>CIF</b>	<b>IMPORTE</b>
GALIA VENDING 97, S.L.	B70117502	600 €
BELCAVENDING, S.L.	B70354907	400 €
SERVIGEST FERROL, S.L.	B70040837	1.050 €

Unha vez reunida a Mesa de Contratación en data 12/09/16 e logo de abrir os sobres "A" e "B" que conteñen a proposta económica do contrato "EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE ALIMENTOS E BEBIDAS DO PAZO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARÓN", e visto que a oferta máis ventaxosa é a de SERVIGEST FERROL, S.L.

En data 10/11/2016 notifícaselle á empresa SERVIGEST FERROL, S.L. a proposta de adxudicación do contrato e se lle insta a formalizar o depósito da garantía definitiva no prazo de 15 días hábiles seguintes á devandita notificación, segundo determina o Prego de Prescricións Administrativas e Técnicas que rexen o contrato.

Visto que a citada empresa constituíu garantía definitiva por importe de 50 euros en data 14/11/2016.

Por todo o exposto, esta Presidencia no uso das facultades que lle confire a vixente normativa vixente.

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.**- Adxudicar o contrato "EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE ALIMENTOS E BEBIDAS DO PAZO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARÓN" á empresa **SERVIGEST FERROL, S.L.** con CIF: B-70040837, por un canon anual de 1.050,00 euros.



**SEGUNDO.** A duración da autorización establécese por un prazo de dous anos, prorrogables anualmente, sen que a duración total coas prórrogas poida exceder de catro. A prórroga deberá ser expresa.

**TERCEIRO.** O pago do canon ofertado será anualmente ingresado nas arcas municipais nos cinco días seguintes ao da data na que se iniciara o contrato.

**CUARTO.** Notificar a presente resolución a **SERVIGEST FERROL, S.L.**, como adxudicataria do contrato e aos restantes ofertantes.

**QUINTO.** Publicar a adxudicación do contrato citado no perfil de contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTO:** Dar conta aos Servizos Económicos do Padroado de Cultura para que produza efectos.

Narón, 30 de novembro de 2016

A vicepresidenta do Padroado da Cultura,  
por substitución do presidente



Asdo.: Marián Ferreiro Díaz

Ante mín,  
A xerente do Padroado, por substitución  
do secretario delegado



Asdo.: M<sup>a</sup> Ángeles Manteiga Fulgueira